

Indicadores de multilocalización empresarial

Datos correspondentes ao ano 2023

Data de publicación: 03/10/2025

ÍNDICE

Principais resultados	1
Introdución	1
Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas	2
Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia	3
Definicións e máis información	6
Definicións	6
Máis información	6

Principais resultados

- No ano 2023 O 42,4 % do Importe Neto da Cifra de Negocios (INCN) das empresas industriais con actividade en Galicia corresponde a empresas con sede fóra de Galicia.
- O 18,9 % das persoas ocupadas no sector Servizos traballaban en empresas con sede fóra da Comunidade Autónoma.
- O 17,8 % do INCN das empresas comerciais con sede en Galicia foi facturado fóra da Comunidade Autónoma.
- Soamente o 3,7 % das persoas ocupadas en empresas industriais con sede en Galicia traballaba noutra comunidade autónoma.

1. Introducción

Os indicadores de multilocalización empresarial estudan:

- **Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas** : mide o peso que teñen na actividade de Galicia as empresas con sede noutras Comunidades Autónomas.
- **Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia** : mide a actividade que as empresas con sede en Galicia levan a cabo noutras Comunidades Autónomas.

Estes indicadores elabóranse para os establecementos de 10 ou máis persoas ocupadas e para o total de empresas. Nun e noutro caso, a investigación comprende as actividades incluídas nas seccións B, C, D, E (industria), G (comercio) e H, I, J, L, M, N (servizos de mercado, non financeiros) da Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-09).

2. Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas

A cifra de negocios das empresas industriais con sede fóra de Galicia que en 2023 realizaron algunha actividade económica na comunidade autónoma supón o 42,4 % do total do importe neto da cifra de negocios das empresas deste sector en Galicia. Para as empresas dedicadas ao sector servizos, esta porcentaxe sitúase no 20,3 % en 2023 mentres que para as empresas comerciais a cifra baixa ao 16,0 %.

En termos de emprego, as empresas industriais con sede fóra de Galicia deron traballo ao 16,6 % das persoas ocupadas na industria de Galicia. No sector do comercio a cifra sitúase no 14,5 % en 2023). No sector servizos a porcentaxe sobe ao 18,9 %.

Actividade en Galicia de empresas con sede noutras comunidades autónomas. Ano 2023

Unidade: Porcentaxe (%)


Sector	Persoas ocupadas	Importe neto da cifra de negocios
Industria	16,6	42,4
Comercio	14,5	16,0
Servizos	18,9	20,3

Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial.

Se comparamos a evolución entre 2022 e 2023, o peso do importe neto da cifra de negocios das empresas con sede noutra comunidade autónoma diminúe no sector industrial (-3,7 puntos) e no comercio diminuíu en 1,3 puntos. Pola contra, aumenta en -0,2 puntos no sector servizos.

Importe neto da cifra de negocios xerado en Galicia polas empresas con sede noutras comunidades autónomas

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial (descarga da táboa: [industria](#), [comercio](#), [servizos](#)).

No caso do emprego, o peso das empresas con sede fóra e actividade en Galicia increméntase na Industria e no Comercio e permanece constante nos Servizos en 2023 con respecto ao 2022. A industria é o sector que rexistra o maior incremento neste indicador. Así, o persoal ocupado polas empresas con sede fóra pasa de representar o 15,6 % do total da ocupación do sector en 2022 a representar o 16,6 % en 2023; aumenta, por tanto, 1 punto. No comercio esta porcentaxe aumenta en 0,4 puntos. No sector Servizos, o peso das empresas con sede fóra de Galicia na xeración de emprego permaneceu constante no período considerado.

Persoal ocupado en Galicia polas empresas con sede noutras comunidades autónomas

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial (descarga da táboa: [industria](#), [comercio](#), [servizos](#)).

3. Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia

No que respecta ás empresas industriais con sede en Galicia que en 2023 realizaron algunha actividade económica noutra comunidade autónoma, o 5,2 % do seu importe neto da cifra de negocios facturouse fóra de Galicia. No sector servizos, esta porcentaxe sobe ao 9,0 % e no comercio ao 17,8 %.

Ademais, en 2023; o 3,7 % das persoas ocupadas polas empresas industriais con sede en Galicia e actividade fóra estivo ocupada noutra comunidade autónoma; no sector servizos esta porcentaxe sitúase no 8,3 % e no comercio acada o 19,9 %.

Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Ano 2023

Unidade: Porcentaxe (%)


Sector	Persoas ocupadas	Importe neto da cifra de negocios
Industria	3,7	5,2
Comercio	19,9	17,8
Servizos	8,3	9,0

Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial.

Se se comparan os pesos observados en 2023 cos do ano anterior, obsérvase que a porcentaxe do importe neto da cifra de negocios das empresas con sede en Galicia xerado fóra da nosa comunidade autónoma aumentou nos tres sectores: No comercio e nos Servizos o incremento situouse en 0,2 puntos, e na industria o aumento foi de 0,4 puntos.

Importe neto da cifra de negocios das empresas con sede en Galicia xerado noutras comunidades autónomas

Unidade: porcentaxe (%)




Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial (descarga da táboa: [industria](#), [comercio](#), [servizos](#)).

No referido ao persoal ocupado, a porcentaxe de ocupados e ocupadas das empresas comerciais con sede en Galicia que traballa fóra aumentou 0,6 puntos porcentuais entre 2022 e 2023. Nas empresas do sector servizos aumenta o persoal ocupado alén das nosas fronteiras, 0,7 puntos e nas empresas industriais, esta porcentaxe tamén aumenta: 0,2 puntos.

Persoal das empresas con sede en Galicia ocupado noutras comunidades autónomas

Unidade: porcentaxe (%)



Fonte: IGE. Indicadores de multilocalización empresarial (descarga da táboa: [industria](#), [comercio](#), [servizos](#)).

4. Definicións e máis información

4.1. Definicións

4.2. Máis información

- Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas. Industria. Total establecementos. Galicia
- Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas. Comercio. Total establecementos. Galicia
- Actividade en Galicia das empresas con sede noutras comunidades autónomas. Servizos. Total establecementos. Galicia
- Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Industria. Total empresas. Galicia
- Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Comercio. Total empresas. Galicia
- Actividade noutras comunidades autónomas das empresas con sede en Galicia. Servizos. Total empresas. Galicia